

**Boiro, 28-02-2019**

En cumprimento do disposto no art. 13 da orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, **ponse en coñecemento das familias a seguinte información relativa ao proceso de admisión para o curso 2019-20:**

**1. Normativa reguladora do proceso de admisión:**

- a. DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- b. ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**2. Postos escolares ofertados para o curso 2019-20.**

Nivel	Nº unidades	Ratio	Total de prazas ofertadas	Nº de alumnado que permanece no centro para o curso 2019/20	Reservas dos centros adscritos (1 ao 15 febreiro)	Vacantes para o proceso de admisión 2019/20 (1 ao 20 marzo)
ESO1	1	30	30		10	17 (**)
ESO2	1	30	30	20		10
ESO3	1	30	30	30		0
ESO4	1	30	30	17		13
BAC 1	1	33	33	30		3
BAC 2	1	33	33	32		1

- (\*\*) Este número de vacantes podería chegar a 20 no caso de que non se cubrisen as tres reservadas para atender a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**3. Prazo de presentación das solicitudes de admisión para o curso 2019-20.**

- a. do 01 ao 20 de marzo de 2019 na secretaría do IES Espíneira en horario de oficina (09 a 14 horas)
  - **MOITO IMPORTANTE:** os días 18 e 19 de marzo o centro permanecerá pechado.



4. **Nota informativa xeral para as familias en relación ao proceso de admisión (o centro xa emitiu outras dúas notas informativas específicas para as familias con fillos/as cursando 6º de primaria en centros distintos ao CEIP Escarabote, e para as familias con fillos/as cursando 4º da ESO en centros distintos ao IES Espíneira):**
  - a. 1º. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, o incumprimento desta condición determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
  - b. 2º. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
  - c. 3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
5. **Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para baremo, se é o caso. (VÉXASE MÁIS ABAIXO CALENDARIO).**
6. **Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido e os prazos para formular reclamación . (VÉXASE MÁSI ABAIXO CALENDARIO)**
7. **Prazo para formalizar a matrícula que deberá axustarse ao modelo normalizado do anexo III desta orde. (VÉXASE MÁIS ABAIXO CALENDARIO)**

<b>CALENDARIO PROCESO DE ADMISIÓN DO IES ESPÍNEIRA</b>		
<b>01 a 20 de marzo</b>	<b>SOLICITUDE DE ADMISIÓN (SA)</b>	<p><b>MOITO IMPORTANTE:</b> os días 18 e 19 de marzo o IES Espiñeira permanecerá fechado.</p> <p>O/a proxenitor/a ou representante do alumnado deberá achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:</p> <p>a) Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.            b) Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.            c) Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos exixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.            d) Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso».</p>
<b>25 de marzo ao 5 de abril (ambos os dous incluídos)</b>	<b>Praza para achegar documentación para baremar, no caso de que haxa máis demanda que prazas ofertadas</b>	
<b>24 de abril de 2019</b>	<b>Publicación da listaxe provisional de admitidos/as</b>	
<b>2 de maio de 2019</b>	<b>Data límite para presentar reclamación á listaxe provisional</b>	
<b>14 de maio de 2019</b>	<b>Publicación das listaxes definitivas de admitidos/as para o curso 2019-20.</b>	
<b>25 de xuño a 10 de xullo de 2019</b>	<b>FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado con todo aprobado en xuño.</li> </ul>
<b>1 a 10 de setembro de 2019</b>	<b>FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado que concorreu á convocatoria de setembro.</li> </ul>

**8. Centros adscritos:**

- a. CEIP de Escarabote.

**9. Área de influencia e áreas limítrofes:**

- **Área de influencia: corresponde coa do CEIP Escarabote:**

- Termo parroquial de Santiago de Lampón
- Lugar de Mosquete.

- **Áreas limítrofes:**

- **No concello de Boiro:**

- **A área de influencia correspondente ao CEIP Santa Baia:**

- Territorio de Santa Baia de Boiro que se atope a menos de 2 Km. do colexio.
- Avenidas da Constitución e Compostela, a ambas marxes; Rúa Principal e Boiro de arriba.
- Desde a marxe inferior da estrada provisional 1105 Boiro-Noia cara o casco urbano: Jofiño, Corriño, Monte do Sino, Cruceiro, Fonteneixe, Boiro de Arriba.
- Este centro acollerá aos alumnos da avenida de Barraña, dende o número 1 ata a esquina do edificio Jazmín número 30 e, pola outra marxe, ata o número 17 do edificio paralelo portal 2. De aquí en diante, xa lle corresponden ao CEIP Praia Xardín.

- **A área de influencia correspondente ao CEIP Praia Xardín:**

- Termo parroquial de Boiro que se atopa a máis de 2 Km. do colexio.
- Zonas comprendidas entre o río Coroño e a estrada provisional 1105; lugares de Runs e Teaño. Lugares de Espíneira, Aducil, a Boliña, Vista Alegre, Breiro, San, Piñeiro.
- Rúas espadañal; nº 4, 5, 6, 11, 20, 21 e 22, Salvador Allende, Avenida Municipal de Avellaneda.
- Avenida Barraña (ambas marxes).
- Termos parroquiais de Santo André de Cures e San Xoán de Macenda.

- **No concello de Pobra:**

- **A área de influencia do CEP Pilar Maestú Sierra.**

**10. Servizos complementarios:**

- a. Transporte.

- Normativa: INSTRUCIÓN 3/2018 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 4 DE XUÑO, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NO CURSO ESCOLAR 2018-2019